

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Un alumno/a **promociona**:

1. Se supera todas as áreas cursadas.
2. Se ten cualificación negativa nalgunha área pero xa repetiu.
3. Se ten cualificación negativa nunha das áreas instrumentais básicas (MAT-LC-LG).
4. Se ten cualificación negativa nunha área instrumental básica (MAT-LC-LG) e outra área non instrumental.
5. Que a natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte.
6. Que teña expectativas favorables de recuperación.
7. Que a promoción beneficia a evolución académica do alumno